XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL
**CPI Plurilingüe de Vedra**

CPI de VEDRA

Avda. Mestre Manuel Gómez, s/n
15885 – VEDRA (A Coruña)
Tls.: 881867015 – 881867020
cpi.vedra@edu.xunta.es

Estimadas/os nais/pais de **Infantil e Primaria**:

O vindeiro martes **22 de decembro** rematan as clases do 1º trimestre deste curso 2020-2021.

Aínda que este curso é moi "especial e diferente" polas circunstancias derivadas do contexto Covid que estamos a vivir, queremos que os nosos nen@s teñan, na medida do posible, unha **festa de fin de ano** que lles permita pasar unha xornada divertida e cargada de ilusión e ledicia, motivo polo que nesa data realizaremos diferentes actividades por aula.

Para a realización destas actividades solicitamos encarecidamente a vosa colaboración co fin de que estas se poidan levar a cabo de forma adecuada, sendo estas as seguintes:

- Na materia de Art, en colaboración cos titor@s, os nen@s elaboraron un anteface especial para a ocasión. Ademais, nas diferentes clases realizarán outros traballos manuais vinculados con esta festividade.
- Bailaremos e cantaremos por videoconferencia entre todo o alumnado de Educación Infantil e Primaria a canción que preparamos especialmente para esta data.
- Prégase tamén, como todos os anos anteriores, que os nen@s veñan ese día ao centro vestidos de "gala" (de forma elegante) co fin de facer a festa o máis real posible.
- Celebraremos tamén por videoconferencia a chegada do Nadal e do Aninovo comendo gusanitos ao ritmo das 12 campanadas, para o cal **precisamos que preparedes** o día anterior na casa **unha pequena bolsa** cos devanditos **12 gusanitos**, na cal indicaredes o nome do cativ@ para que os docentes saibamos de quen é cada unha delas.
- Tamén vos pedimos **se podedes realizar na casa cos nen@s algunha manualidade de Nadal** e enviarnos unha foto, xa que este curso non é posible decorar o noso centro nin levar a cabo actividades grupais como ven sendo habitual estes anos anteriores. Con todas as fotos recibidas elaboraremos unha montaxe audiovisual como ocorreu no Samaín.
  Podedes enviar as fotografías ao seguinte email: **lopeztarrio@cpivedra.com.**
  A **data límite** para o envío será o **20 de decembro**.

Moitas grazas e BO NADAL para tod@s.

O equipo de actividades complementarias e extraescolares